

XIV Carreira Popular Virxe da Guía.

“A carreira de Carreira”

Carreira solidaria a favor de Cáritas Parroquial

Data: Mércores, 17 de Maio do 2017.

Hora: A partires das 17:00 h.

Lugar: San Paio de Carreira (Ribeira).

Distancias: de 80 a 10.000 m.

Organiza: Asociación de Veciños de Carreira, Atletismo Virxe da Guía e Concello de Riveira.

Cronometraxe: www.galitiming.com

Inscrición: Límite 300 adultos / 300 escolares.

Web oficial: www.virxedaguia.org



A Asociación de Veciños de Carreira, Atletismo Virxe da Guía e o Concello de Riveira, organizan a décimo cuarta edición da súa Carreira Popular Virxe da Guía, o mércores 17 de Maio (Festividade das Letras Galegas) na parroquia de San Paio de Carreira (Concello de Ribeira), de acordo co seguinte:

REGULAMENTO

1. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:

CATEGORIA - ANOS DE NACEMENTO

- PITUFO - Atletas nados no 2013 e posteriores
- PREBENXAMÍN - Atletas nados nos anos 2010, 2011 e 2012
- BENXAMIN - Atletas nados no 2008 e 2009
- ALEVIN - Atletas nados no 2006 e 2007
- INFANTIL - Atletas nados no 2004 e 2005
- CADETE - Atletas nados no 2002 e 2003
- XUVENIL - Atletas nados no 2000 e 2001
- JUNIOR - Atletas nados no 1997, 1998 e 1999
- SENIOR - Atletas nados entre 1996 e 1983
- VETERANS A - Atletas nados entre 1972 e 1982
- VETERANS B - Atletas nados entre 1962 e 1971
- VETERANS C - Atletas nados entre 1952 e 1961
- VETERANS D – Atletas nados en 1951 ou anteriores.
- VETERANAS A - Atletas nadas entre 1972 e 1982
- VETERANAS B - Atletas nadas entre 1962 e 1971
- VETERANAS C – Atletas nadas no 1961 ou anteriores.

2. HORARIO E DISTANCIA DAS PROBAS

17:00 - BENXAMINS - 600 m.
17:10 - ALEVINS - 1.200 m.
17:25 - INFANTILES - 1.200 m.
17:40 - CADETES - 1.800 m.
18:00 - ABSOLUTA (DE XUVENIL A VETERANS) – 10.000 m.
19:15 - PREBENXAMINS - 120 m.
19:25 - PITUFOS - 80 m.
19:30 - ENTREGA DE TROFEOS

3. INSCRICIONS : A partires do sábado, **01/Abril/2017** e ata o **luns, 15/Maio/2017**, ás 14.00 horas.

› **PROBAS ESCOLARES** (pitufos, prebenxamíns, benxamíns, alevín, infantil e cadete)

Poderán realizalas a través da web www.virxedaguia.org, recheando no formulario os datos solicitados. Tamén se poderá formalizar a inscrición presencialmente no Supermercado Gloria (Carreira).

O tope de inscritos será de 300 atletas escolares.

A inscrición será GRATUITA para estas probas escolares, aínda que se agradecerá a aportación de alimentos non perecedoiros, produtos de aseo ou roupa para nenos/as de entre 3 e 7 anos, que serán entregados directamente ós membros de Cáritas que estarán presentes no evento.

› **CATEGORIAS DE ADULTO** (xuwenís, junior, senior e veteráns).

As inscricións realizaranse a través da web: www.virxedaguia.org O prezo da inscrición será de 5 €.

Farase constar na inscrición a forma de pago elixida:

- 1.- Pasarela de pago de Galitiming.
- 2.- Pago en efectivo no Supermercado Gloria (Carreira).
- 3.- Pago en efectivo na tenda Revolutrion (Ribeira).
- 4.- Pago en efectivo o mesmo día da proba ó recoller o dorsal.

(@s corredor@s que xa teñan formalizado o pago por algunha das modalidades 1-2-3. terán un pasillo “rápido” para recoller os dorsais).

O tope de inscritos será de 300 atletas adultos.

Agradecerase a aportación de alimentos non perecedoiros, produtos de aseo ou roupa para nenos/as de entre 3 e 7 anos, que serán entregados directamente ós membros de Cáritas que estarán presentes no evento.

Admitiranse inscricións ata o luns, 15 de maio ás 14 horas, ou ó acadar a cifra tope de inscritos de 300 escolares e 300 adultos. **NON SE ADMITIRAN INSCRICIONS (NIN DE ESCOLARES NIN DE ADULTOS) FORA DO PRAZO ESTABLECIDO NIN O DIA DA PROBA.**

Os dorsais recolleranse no lugar da saída que este ano estará situada no Campo da Festa (a 80 metros da Capela da Guía), a partir das 16.00 horas e ata 15 minutos antes do comezo de cada unha das probas.

4. PREMIOS

- Trofeo para os 3 primeiros/as clasificados das categorías que compiten na carreira absoluta.
- Trofeo para os tres primeiros clasificados/as nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete.
- Medallas para tódolos participantes nas categorías de prebenxamíns e pitufos.

Os gañadores dos distintos trofeos deberán estar presentes no acto de premiación. En caso de que un premiado non estivera presente, perderá o dereito a reclamálo con posterioridade.

Record da proba: O corredor ou corredora que bata o actual record da proba terá un premio de 100 euros.

Récord Masculino: 31.45 Akka Essadaoui (2015)

Récord Feminino: 35.21 Yolanda Gutierrez (2013)

5. AVITUALLAMENTOS :

Auga no km. 5, e líquidos e sólidos na meta.

6. OUTROS SERVIZOS:

Gardarroupa e gardachaves: No momento de retirar o dorsal poderán recollerse bolsas co número de dorsal pegado no que deixar a roupa ou as chaves, que serán custodiadas ata o remate da proba.

7. DUCHAS E APARCAMENTO:

Haberá servizo de duchas no Complexo Polideportivo da Fieiteira, a 1,5 km da liña de meta. Destinaranse varias zonas de aparcamento gratuito a 50 metros da liña de saída.

8. HOMENAXE:

Este ano a corredora homenaxeada, é unha das atletas máis laureadas do atletismo galego: **Virginia Villar Soria**. A velocista ribeirense, recentemente retirada da alta competición, mantén os récords galegos absolutos de 100 metros vallas ó aire libre, e de 50 metros lisos en pista cuberta.